

boletín do cesg

Colexio de
Educadores Sociais
de Galicia

Nº20 ABRIL 2005



Colexio de Educadores Sociais de Galicia

Rúa Gómez Ulla, 7-3º
15702 Santiago de Compostela
cesg@colexioeducadores.com

DESENVOLVEMENTO LOCAL E SOCIAL

Ante a necesidade de propoñer *marcos de desenvolvemento e promoción socioeconómica estables dos territorios* estanse a impoñer, dende numerosos referentes teóricos e conceptuais, novas *estratexias operativas* nos xeitos de incentivar ou promover liñas de desenvolvemento no seo das *comunidades locais*.

Con especial incidencia a partires dos anos setenta téñense proposto, cunha presenza e repercusión dispar, procesos de definido *carácter integrador* dotando dunha especial significación aos *compoñentes socioeconómicos* (*potencialidades, territoriais, recursos endóxenos, etc.*) e moi especialmente, os *comunitarios* (*recursos humanos, calidade de vida, contornos socioeducativos, participación, etc.*)

Neste senso estanse a destacar en boa medida, a *potencialidade transformadora* de espazos, dinámicas e recursos comunitarios en torno a unha *lectura contextualizada* dos territorios que redunde, dende a participación comprometida de todos os *axentes e instancias políticas e sociais* (*Administracións e instancias públicas, grupos de acción local, contornos empresariais, colectivos asociados e agrupacións cívicas, recursos educativos, etc.*) nunha progresiva mellora das *condicións de vida, posibilidades de desenvolvemento e coparticipación* das comunidades nos procesos de desenvolvemento.

Especial significación cobran neste senso os referentes *teóricos e metodolóxicos* aportados en clave *pedagóxico-social* e dende a *intervención comunitaria* que subxacen dos procesos de *planificación estratéxica, plans de acción local* ou *procesos de desenvolvemento territorial* por canto implican procesos continuados de transformación-educación social das comunidades dende a participación e compromiso asumido polos seus axentes principais.

Estamos chamados os profesionais "do social", con especial mención dende os ámbitos de intervención da educación social, a participar, suxerir ou propiciar contornos de desenvolvemento nos cales os *modos de desenvolvemento sostible*, a progresiva *transferencia de competencias ás entidades locais* ou a esixencia social de establecer *medidas eficaces-operativas en materia de desenvolvemento*, se poñan estratéxicamente ao servizo das nosas comunidades e territorios.

Gumersindo Alonso Bernárdez.
Educador Social.

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CESG:

- "Boletín Xove de Información e Emprego Xuvenil". Nº 130. Marzo 2005. Xunta de Galicia.
- "Boletín Aldizkaria" Nº 117. Abril 2005. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- Revista "Educar(NOS)". Nº 26. II época. Abril/xuño 2004. MEM.
- Revista "Cadernos de psicoloxía". Segunda era. Ano 01. nº 01.
- Revista del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. "Asuntos Sociales". Nº 55. 2004.
- Revista "Perfiles. Revista general de política social" Nº 208. Abril 2005. ONCE.



ACTUACIÓNS REALIZADAS

- | | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none">✓ Recurso de Reposición contra as bases da convocatoria dunha praza de Animador Sociocultural do Instituto Municipal A Coruña Espectáculos (BOP A Coruña nº43 de 3 de marzo), dado que como requisitos dos aspirantes establece "Bacharelato, FP 2º grao ou equivalente"✓ Recurso de Reposición contra as bases da convocatoria dunha praza de Axente de Desenvolvemento Local do concello de Moeche (BOP A Coruña nº55 de 9 de marzo), dado que como requisitos dos aspirantes establece titulación de "Diplomado Universitario en Relacións Laborais ou equivalente".✓ Recurso de Reposición contra as bases para a contratación laboral temporal a tempo parcial dunha praza de Técnico de Cultura no concello de Tomiño (Faro de Vigo, de 10 de marzo), dado que como requisitos dos aspirantes establecen "Técnico Superior de Animación Sociocultural".✓ Recurso de Reposición contra as bases de selección dun Técnico Local de Emprego no Concello de Becerreá (BOP de Lugo de 12 de abril), dado que como requisitos dos aspirantes establece estar en posesión do título de licenciado en Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Empresariais, Ciencias Políticas e da Administración, Dereito, Enxeñería de Montes, Psicoloxía ou Socioloxía.✓ Escrito de queixa ao concello de Verín, en relación ao "Decreto de 17 de marzo de 2005, polo que se acorda abrir nova categoría 61 de educador social para participar no proceso de elaboración das listas de persoal laboral temporal do concello" (BOP de Ourense nº68 de 28 de marzo). O mencionado Decreto establece como requisitos o título de educador/a social, asistente social ou licenciado/a en Psicopedagogía, Psicoloxía ou Pedagogía.✓ Escrito de queixa á Asociación Comunitaria Distrito Quinto en relación á oferta de emprego facilitada. Unha praza de Animador Xuvenil, establecendo como requisitos dos aspirantes título de bacharelato ou FP grao medio.✓ Escrito ao director de "Doral Residencias. Centro de Día", sobre a capacitación e funcións do/a diplomado/a en Educación Social como Animador/a sociocultural nos centros e residencias de terceira idade. | <ul style="list-style-type: none">✓ Contactos con FEGARTE (Federación Galega de Residencias de Terceira Idade). Envío de informe elaborado dende a Área de Observatorio da profesión sobre a necesidade da inclusión da figura do Educador Social no "Convenio Colectivo de Ámbito Autonómico do Sector de Residencias Privadas de Terceira Idade", para a súa toma en consideración no proceso negociador do mesmo. Solicitud de audiencia persoal.✓ O Presidente do CESHG acudiu, en representación da entidade ao "Cineforum sobre Educación Social", que tivo lugar na Facultade de Ourense o pasado día 5 de abril.✓ Charla no centro asociado da UNED de Pontevedra, co obxecto de dar a coñecer a situación actual da educación social, as actuacións do CESHG e o portal estatal de educación social (www.eduso.net). Difusión de material do CESHG entre os/as asistentes.✓ Organización e difusión das xornadas "Educación Social con infancia e familia en dificultade social, que terán lugar os días 21 e 28 de maio no edificio FEUGA da Universidade de Santiago de Compostela.✓ Colaboración co plan estratéxico de Servizos Sociais da Coruña 2006-2010, a través do "Estudio Delphi"✓ Xestión e envío de solicitudes de habilitación aos colexios de educadores da Comunidade Valenciana e de Castilla La Mancha.✓ Xestión e envío de traslados de expediente aos colexios de educadores da Comunidade Valenciana, Castilla La Mancha, Euskadi, Rexión de Murcia e Illes Balears.✓ Nova difusión de información e impresos de traslado de expediente a colexiados/as do CESHG residentes en Baleares e/ou Euskadi, aínda non trasladados.✓ Últimas revisións e maquetación do Libro de Actas do IV Congreso Estatal do/da Educador/a Social.✓ Recepción e difusión de ofertas de emprego de:<ul style="list-style-type: none">- Cimoempleo.- Médicos do Mundo Vigo. |
|--|--|

ARTIGO DE INTERESE

NOVO GRUPO DE TRABALLO, NACIDO EN OURENSE

A iniciativa do grupo de traballo "Rueiros" xurdiu no mes de decembro, coa idea de facer algo no mundo da educación social, comezar a facer pequenas cousas co obxectivo de dar a coñecer máis a nosa profesión.

Comezamos sendo un pequeno grupo formado por educadores sociais, pedagogos, profesores da universidade e profesionais que apostan polo social. Como vedes un grupo que nós denominamos mixto, o cal está aberto a todo o que estea interesado en traballar a prol da Educación Social.

A figura do educador/a social aínda pode abranguer máis campos profesionais dos que xa sabemos, como por exemplo nos IES ou como orientadores laborais. Temos que facer o posible por estar en todos aqueles sitios que reclamen a nosa actuación aínda que moitas veces non saiban que o educador/a social pode desempeñar ditas funcións.

Por todo isto é tan importante que pouco a pouco nos fagamos sitio dentro do mercado laboral. Pero quen ten que facer este traballo somos os educadores/as sociais, do contrario estaremos fora de xogo.

Os obxectivos que persegue este grupo de traballo son os seguintes:

- Dar a coñecer a figura do educador social en novos ámbitos.
- Realizar diferentes investigacións a través de xornadas.
- Delimitar o ámbito do campo de traballo do/da educador/a social.
- Fomentar o intercambio de experiencias.
- Contactar con grupos de traballo, tanto do propio CESHG como dos distintos Colexios Profesionais de Educadores Sociais existentes en España.

Entre os propósitos máis inmediatos do grupo está a organización dunhas xornadas sobre os educadores/as sociais nos centros de educación formal, a desenvolver en Ourense proximamente.

Como xa sabedes un dos obxectivos do CESHG é potenciar a participación dos colexiados/as a través de diferentes actuacións puntuais e por medio dos grupos de traballo.

Os grupos de traballo están abertos a novas incorporacións, polo que se estades interesados/as en uniros ou ben en poñer en marcha un grupo centrado nun ámbito, podeades poñervos en contacto co CESHG.

Vocalía de comunicación e servizos aos/ás colexiados/as.

FORMACIÓN CONTINUA

VII XORNADAS SOBRE MENORES, VIOLENCIA E DROGAS

Organiza: Asociación Proxecto Home.

Datas: do 11 ao 13 de maio.

Lugar: Madrid.

Prezo: Socios e estudantes: 80 €. Cota xeral: 90 €. BECAS: Previa petición comité organizador.

Información e inscricións: Marina Alonso

C/ Osa Mayor, 19. 28023 Aravaca. Madrid.

Tel.: 91 357 92 78. Fax: 91 307 00 38.

jornadas@proyectohombre.es

<http://www.proyectohombre.es/quehace/viiijornadas.es.html>

O BURN-OUT NOS PROFESIONAIS QUE TRABALLAN CON ADICTOS

Organiza: Instituto Deusto de Drogodependencias

Datas: 26 e 27 de maio.

Lugar: Universidade de Deusto (Bilbao).

Prezo: 36 €.

Información e inscricións: Universidade de Deusto. Instituto Deusto de Drogodependencias.

Avenida de las Universidades, 24.

48007 Bilbao.

Tel. / Fax: 944 139 083.

drogodependencias@deusto.es

RELACIÓN FAMILIA/ESCOLA

Organiza: Asociación Profesional de Pedagogos de Galicia (APEGA).

Datas: Módulo I: do 6 ao 8 de maio. Módulo II: do 20 ao 22 de maio.

Prezo: Presencial: 60 €. A distancia: 50 €. Os dous módulos: 100 €. Os dous módulos, a distancia: 80 €.

Información: APEGA.

Apartado 2128.

15780 Santiago de Compostela.

formacion@apega.com.

FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS

CURSOS DE I.S. INTERVENCIÓN SOCIAL

1) **CURSO BÁSICO DE INTERV. SOCIOLABORAL** (100 h.) (A distancia)

Especialidades: INMIGRANTES, MULLERES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE. (30 h. c/u)

Prezos das especialidades:	1 especialid.	3 especialid.	Aplicaráselle un desconto do 10% aos colexiados/as do CESG.
Soporte papel	90 €	200 €	
Soporte CD-ROM	70 €	150 €	
Soporte Web	50 €	100 €	

2) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MAIORES** (125 h.) (A distancia)

3) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MENORES** (125 h.) (A distancia)

4) **CURSO DE ADOPCIÓNS E ACOLLEMENTOS** (125 h.) (A distancia)

5) **CURSO DE VIOLENCIA SOBRE AS MULLERES: ASPECTOS PSICOSOCIAIS E XURÍDICOS** (100 h.) (A distancia)

Organiza: I.S. Intervención Social

Prezo:	Curso nº 1 (sen esp.)	Cursos nº 2, 3 e 4	Curso nº 5
Soporte papel	180 €	240 € c/u	200 €
Soporte CD-ROM	160 €	220 € c/u	180 €
Soporte Web	140 €	200 € c/u	150 €

Aplicaráselle un **desconto do 10%** aos colexiados/as do CESG.

Información: I.S. Intervención Social

C/ Peñalara, 15, baixo esq. 41005 Sevilla.

Tel.: 954 933807

Fax: 954 933808

formacion@intervencionsocial.com

www.intervencionsocial.com

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Ares (A Coruña): Edicto de aprobación da oferta de emprego público 2005. Unha praza de Técnico local de emprego. (BOP de A Coruña de 8 de abril)

Concello de Arteixo (A Coruña): Resolución de aprobación da oferta de emprego público 2005. Unha praza de Alfabetizador de Adultos. Unha praza de Monitor Socioeducativo. Unha praza de Dinamizador Sociocultural. (BOP de A Coruña de 8 de abril)

Concello de Móstoles (Madrid): Resolución que anuncia o concurso público para o programa "Juega en tu Barrio", realización da actividade "Programa con Adolescentes", realización dun "Parque de actividades infantiles y juveniles". (BOE de 13 de abril)

Concello de Ciudad Real: Resolución de 30 de marzo, referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Monitor de Educación e Universidade. (BOE de 16 de abril)

Comarca Baixo Aragón-Caspe (Zaragoza): Resolución de 7 de abril, referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Técnico de Xuventude. (BOE de 16 de abril)

Concello de Vigo: Anuncio de contratación da asistencia técnica para o asesoramento e información xuvenil do Concello de Vigo. (DOG de 20 de abril)

Concello de Nigrán (Pontevedra): Anuncio de contratación do Servizo de Axuda no Fogar. (DOG de 26 de abril)

Concello de Tui (Pontevedra): Anuncio da Oferta de Emprego público para o ano 2005. Unha praza de Educador Familiar. Unha praza de Técnico de Prevención e Reinserción en Drogodependencias. (BOP de Pontevedra de 26 de abril)

OUTROS

Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais: Resolución de 7 de marzo pola que se dá publicidade ao Convenio de colaboración entre o Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de programas para o desenvolvemento de servizos de atención á primeira infancia. (BOE de 7 de abril)

Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais: Resolución de 17 de marzo pola que se dá publicidade ao Convenio de colaboración entre o Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de programas experimentais de prevención en situación de risco e tratamento de familias nas que se producen malos tratos. (BOE de 11 de abril)

Xefatura do Estado: Corrección de erros da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero (BOE de 12 de abril)

Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais: Resolución de 17 de marzo pola que se dá publicidade ao Convenio de colaboración entre o Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de programas de execución de medidas para menores infractores e de capacitación de profesionais. (BOE de 13 de abril)

Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado: Orde do 1 de abril pola que se regulan as subvencións ás entidades de iniciativa social para a adaptación á normativa de accesibilidade dos centros de prestación de servizos sociais ás persoas con discapacidade. (BOE de 13 de abril)

Deputación Provincial de Pontevedra: Convocatoria do Premio Carmen Ferro, dirixido a concellos ou mancomunidades que desenvolvan ou pretendan levar a cabo plans de igualdade de oportunidades. (BOP de Pontevedra de 15 de abril)

Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado: Orde do 20 de abril pola que se regulan as subvencións a entidades de iniciativa social para a adquisición, construción, reforma, rehabilitación e equipamento de centros de atención a persoas con discapacidade. (DOG de 22 de abril)

Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais: Orde TAS/1051/2005, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a actividades de estudo e investigación no ámbito da protección social, e se procede á súa convocatoria. (BOE de 22 de abril)

OUTRAS CONVOCATORIAS

DOCENTIA. Salón Monográfico da Educación Superior

Organiza: Xunta de Galicia

Datas: 6, 7 e 8 de maio.

Lugar: Pazo de Congressos e Exposicións de Galicia (Santiago de Compostela)

Información: DOCENTIA

C/ Colón, 34, 5º

36201 Vigo

Tel.: 886 125 853 // Fax: 986 224 526

info@docentia.es // www.docentia.net

AXUDAS PARA PROXECTOS DIRIXIDOS A NENOS E MOZOS DESFAVORECIDOS

Convoca: Fundación Solidaridad Carrefour.

Destinatarios: ONG sen ánimo de lucro que desenvolvan proxectos que promovan melloras nas condicións de vida de nenos ou mozos desfavorecidos, que cumpran os requisitos establecidos nas bases.

Contía: 30.000 € para cada proxecto (escolleranse 6)

Máis información: Fundación Solidaridad Carrefour.

carrefour@convocatorias.org

http://www.carrefour.es/fundacion/fundacion_proyecto_solidario.html

Subvenciona:

